

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106 TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
 SOLICITANTE: Comercio

ASUNTO: CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTROS DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 E 2026-2027.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.- OBXECTO

O obxecto do presente expediente contempla a contratación dos servizos para a redacción do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas, prazas, e espazos comerciais da cidade durante as festas do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 e a subministración en réxime de aluguer dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento, reparación, reposición ou substitución si procede, durante o período do Nadal e desmonte da instalación proposta pola empresa adxudicataria dos elementos lumínicos ornamentais.

Os licitadores deberán desenvolver a súa proposta para as rúas de carácter comercial da cidade de Vigo definidas nos **Anexos I, II e III** do PPTP, tendo en conta que os deseños dos elementos de iluminación propostos deberán cumprir coas especificacións técnicas definidas en ditos Anexos. Así mesmo, o desenvolvemento do proxecto decorativo debe incluír os traballos de montaxe, mantemento e retirada dos elementos decorativos durante o prazo de vixencia deste.

1.1.- NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN

En cumprimento do art. 28 da lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), os aspectos relacionados coa "natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", atópanse acreditados na correspondente xustificación da necesidade e idoneidade, anexa a este expediente e asinada con data 12/01/2023, e tamén no PPTP que forma parte deste expediente.

Así mesmo, de conformidade co prego de prescricións técnicas particulares que se achega ao expediente, cúmprense todos os requisitos e especificacións técnicas que se regulan nos artigos 124 ao 126 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias previstas no art. 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, así como o decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros de 18 e 26 de xuño de 2019, no que se atribúe a esta concellería a dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio, tal e como se sinala no informe de necesidade e idoneidade de data 12 de xaneiro do 2023.

O contrato, polo seu obxecto, é un **Contrato Mixto**, previsto no artigo 18 da LCSP. Atendendo ao volume das actuacións definidas no PPTP, debe considerarse que a prestación dos servizos de instalación, mantemento e desmonte dos elementos luminosos instalados, ten unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 1 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun **82%** do custe mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de aluguer dos diversos elementos luminosos estímase nun **18%** do custe total do contrato (sen IVE).

O procedemento de adxudicación será o **ABERTO** conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP. O prazo estimado para a execución das actuacións descritas é dende o 1 de agosto ata o 20 de febreiro, durante cada unha das campañas.

1.2.- LOTES

Considerasen conveniente non dividir en lotes a fin de conseguir a execución do contrato nunha única empresa e non interferir na coordinación da execución das diferentes prestacións, a homoxeneidade estética do conxunto, tipoloxía e tecnoloxía empregada, incidindo deste xeito nunha maior rentabilidade da instalación, montaxe, mantemento e desmante desta, e en consecuencia o abaratamento de custes para o Concello de Vigo.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Ausencia de medios materiais e persoais propios no servizo de Comercio, Electromecánicos e resto dos servizos municipais do Concello de Vigo, debendo externalizar a prestación con empresas especializadas do sector.

3.- PROCEDemento DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Dado que o obxecto do contrato consiste na redacción dun proxecto decorativo de iluminación, subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmante dos elementos lumínicos ornamentais, se require o seu tratamento contractual conxunto como unha unidade funcional aos efectos de conseguir un maior nivel de eficacia e eficiencia para os intereses públicos.

Polo anteriormente exposto, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través dun **contrato mixto**, de servizos e subministro en réxime de aluguer, suxeito a regulación harmonizada, polo **procedemento aberto** con múltiples criterios de valoración.

Atendendo ao volume das actuacións definidas no PPT, debe considerarse que a prestación dos servizos de instalación, mantemento e desmante dos elementos luminosos instalados, ten unha incidencia aproximada no orzamento total do contrato dun **82%** do custe, mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de aluguer dos diversos elementos luminosos estímase nun **18%** do custe total do contrato (sen IVE).

4.- PRAZO DE VIXENCIA, EXECUCIÓN E PRÓRROGA

4.1.- Prazo de vixencia:

A vixencia do contrato será de catro anos a contar dende o 01/07/2023, ou en todo caso dende a sinatura do contrato, ata o 31/06/2027, ámbolos dous incluídos, cunha posible prórroga de un ano mais.

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 2 de 2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/08/2023 09:57

Páxina 2 de 23

9274-106

CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106	TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
	SOLICITANTE: Comercio

4.2.- Prazos de execución:

Conforme ao anterior, o prazo de execución, dentro de cada campaña do Nadal, divídese en varios períodos perfectamente definidos, que corresponderán coa tempada de Nadal correspondente. Así, o prazo de execución da prestación do servizo comezará no **01 de agosto** do ano en curso e rematará o **31 de Xuño da correspondiente anualidade**, conforme ao seguinte programa de execución:

- **Período de presentación do proxecto decorativo:** antes do 31 de marzo das sucesivas anualidades trala adxudicación do contrato, a empresa deberá entregar ao servizo de Comercio para a súa aprobación un novo proxecto decorativo, debendo ser aprobado polo Centro Xestor do contrato antes do 31 de xuño.

O proxecto decorativo dos elementos a instalar deberá cumprir co establecido nos Anexos I,II e III do Prego de Prescricións Técnicas Particulares PPTP.

- **Período de planificación da montaxe:** antes 15 de xullo do ano en curso a empresa deberá entregar ao servizo de Comercio para a súa aprobación a planificación e programación da montaxe das instalacións.
- **Período de montaxe:** dende o día 1 de agosto de cada campaña do Nadal e de forma continuada, ata unha semana antes do Acto de acendido do ano correspondente. En caso de necesidade ou por motivos de programación, a empresa adxudataria, poderá solicitar unha data anterior para o inicio da montaxe sempre que dita variación esté xustificada e debendo ser autorizada previamente polo Responsable do Contrato.
- **Período de probas:** Será dunha semana antes do Acto de acendido.
- **Acto de acendido da iluminación decorativa:** Prevista para a terceira semana do mes de novembro de cada campaña do Nadal. A data do Acto de acendido será notificada a empresa polo servizo xestor do contrato coa suficiente antelación.
- **Acto de apagado da iluminación decorativa:** Prevista para mediados do mes de xaneiro do seguinte ano de cada campaña do Nadal.
- **Período de desmante:** Ata un máximo de 45 días despois do acto de apagado, comenzando inmediatamente despois do acto, dende o centro da cidade hacia o extrarradio desta, en tres períodos de 15 días cada un:
 - Período primeiro, desmante dos motivos, arcos e conxunto de elementos do centro urbán e elementos decorativos das árbores de todo termo municipal.
 - Período segundo, desmante dos motivos, arcos e conxunto de elementos do núcleo periurbano a definir polo Centro Xestor.
 - Período terceiro, desmante dos elementos das parroquias do extrarradio da cidade.

Os citados prazos parciais de execución dos servizos obxecto deste contrato, poderán ser modificados pola Concellería Delegada competente, mediante resolución motivada do Centro Xestor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 3 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

**CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS**

**CONCELLO
 DE VIGO**



EXPEDIENTE: 9274/106	TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
	SOLICITANTE: Comercio

ou cando se produza un incumprimento parcial dalgún destes prazos por causas non imputables ao contratista debido a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles.

O presente expediente ten a condición de gasto plurianual, polo cal para a súa financiación aplicaranse aos créditos do orzamento do Concello de Vigo distribuído nos cinco exercicios económicos que abrangue o período contractual das campañas do Nadal, imputando un **80 % ao primeiro exercicio económico e un 20% con cargo ao seguinte exercicio** e do mesmo xeito para as seguintes campañas, con cargo a seguinte partida:

4310.2279900 "Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal".

En relación ao importe do contrato e a súa execución, considerase a seguinte distribución orzamentaria por anualidades (sen IVE):

Ano 2023.....	1.424.796,00 €
Ano 2024.....	1.917.795,00 €
Ano 2025.....	2.016.795,00 €
Ano 2026.....	2.066.595,00 €
Ano 2027.....	414.999,00 €
O que supón un importe total (sen IVE) de:	7.840.980,00 €

O gasto proposto establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos do orzamento do Concello de Vigo dentro do programa orzamentario "4310". Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive deste, xa que esta ten a consideración da execución da prestación dun servizo e dun subministro en réxime de aluguer delimitado e de carácter finalista para o Concello.

4.3. Prórrogas

Establécese unha posible prórroga de un ano.
 No caso de acordarse a prórroga, o prazo da mesma sería do 01/07/2027 ata 45 días despois do Acto de Apagado da campaña do Nadal 2027-2028.
 A posible prórroga acordarase polo Órgano de Contratación e será obrigatoria para o adxudicatario sempre que o seu preaviso por parte do Concello de Vigo se produza polo menos antes do 30 de Abril de 2027 (dous meses de antelación a finalización do contrato).

5.- SOLVENCIA

5.1. Solvencia económica e financeira:

Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira se deberá acreditar polos seguintes medios:

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 4 de 4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 4 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira suficiente, aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos, sexa, cando menos, igual ou superior:
- Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70 % da anualidade media do prezo do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación que proceda.

5.2 Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación que proceda.

Consonte ao artigo 90 da LCSP, a técnica se deberá acreditar polos seguintes medios:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70 % da anualidade media do prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do **código CPV**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 5 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

* **34991000-0** (Luces para iluminación exterior)

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

5.3 Integración da solvencia con medios externos:

Cando unha empresa desexe utilizar as capacidades doutras entidades, deberá incluír no sobre A o compromiso escrito destas entidades para tal efecto.

5.4 Habilitación profesional:

A habilitación profesional debe quedar acreditada presentando o certificado de empresa instaladora de equipos e instalacións eléctricas, expedido pola Delegación de Industria.

5.5 Clasificación dos licitadores:

De conformidade co artigo 77 da LCSP e 37 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no presente contrato non procede fixar clasificación alternativa.

6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adxudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.6 LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación aos aspectos que deben de identificar aos criterios de avaliación, e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considérase oportuno estipular unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar, entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grado de coñecemento dos licitadores en relación á execución dos servizos e subministrados vinculados co obxecto do contrato, así como as propostas creativas en relación á diversidade de elementos ornamentais e lumínicos a empregar, e os procesos de planificación das operacións de instalación, mantemento e desmonte; ca finalidade de avaliar mediante un sistema de ponderación e conseguinte puntuación que identifique a mellor oferta en relación ca proposta técnica.

Polo exposto, establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 6 de 6



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/08/2023 09:57

Páxina 6 de 23

9274-106

CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106	TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
	SOLICITANTE: Comercio

- a.- En relación aos criterios avaliados mediante **xuízo de valor**, propónse unha aplicación **dun 38 % da puntuación total**.
- b.- En relación os criterios avaliados a **través de fórmula**, propónse unha aplicación **dun 62 % da puntuación total**.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa para os intereses desta administración, procederase a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a proposta que presenta a mellor relación calidade-prezo.

6.1.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor

O presente contrato da iluminación decorativa da cidade de Vigo na campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027, estruturase en tres partes fundamentais e perfectamente diferenciadas, que son:

1.- O deseño decorativo dos elementos lumínico-ornamentais:

Este apartado considérase o máis relevante xa que vai a representar a imaxe da cidade de Vigo durante os casi dous meses que durará cada campaña do Nadal, onde todos os elementos: arcos, motivos, árbores iluminadas e conxunto de elementos ornamentais e lumínicos que constituirá o principal soporte de iluminación decorativa e artística de promoción económica, mediática, emocional e de visibilidade da cidade no nadal; configurando o proxecto como un servizo integral no que se contempla o estudo técnico, cun deseño artístico coherente e diverso, cunha iluminación sostible e máxima redución de consumo posible, a produción, distribución e instalación das propostas de iluminación personalizadas orientadas a xeración de sorpresa, emoción e retorno económico.

Por tal motivo, concédeselle a este apartado a valoración máxima dos tres, establecida en **19 puntos**.

2.- Os procesos operativos da instalación e desmonte:

Non menos importante co apartado anterior e o considerar a valoración da capacidade de organización dos traballos e o coñecemento dos condicionantes particulares destes para levar a cabo por parte das empresas licitadoras a instalación e desmonte de todos os elementos decorativos recollidos nos Anexos I,II e III do Prego Técnico redactado a tal efecto e habida conta da complexidade para levar a cabo tales tarefas, mantendo o ritmo da cidade sin alterarse significativamente en termos de seguridade cidadá e circulación viaria.

Por tal motivo, concédeselle a este apartado a valoración de **14 puntos**.

3.- Os procesos de mantemento das instalacións:

A terceira parte importante da estrutura do presente contrato e a correspondente as labores de mantemento das instalacións en funcionamento durante os casi dous meses de duración da campaña do Nadal. Non cabe dúbida que unha precisa planificación das labores de mantemento preventivo e unha adecuada programación das tarefas diarias do mantemento correctivo cos medios materiais e equipos adecuados levará a garantir o perfecto funcionamento das instalacións durante o devandito período.

Por tal motivo, concédeselle a este apartado a valoración de **5 puntos**.

6.1.1.- Proxecto técnico decorativo de iluminación exterior das rúas, prazas, e zonas comerciais da cidade durante as festas do Nadal, que se valorará ata un máximo de TRINTA E



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 7 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

OITO (38) PUNTOS, avaliados en función dos seguintes apartados:

A.- Proposta de deseño decorativo de elementos:

Os licitadores deberán presentar un proxecto decorativo da iluminación exterior a través dunha proposta específica para as rúas e zonas indicadas nos **Anexos I, II e III**, do prego técnico.

Este proxecto deberá conter como mínimo unha proposta gráfica da tipoloxía dos elementos a instalar en cada rúa ou espazo exterior agrupado por zona, barrio ou distrito, a cal deberá indicar as especificacións técnicas do elemento e o ancho da calzada. Ditas especificacións técnicas deberán ser equivalentes ás definidas no prego técnico, cunha variación máxima dun 5%. En relación coas dimensións dos elementos decorativos a instalar, a proposta do proxecto decorativo dos licitadores, en ningún caso será inferior aos datos recollidos no prego técnico.

O licitador pode presentar o mesmo elemento luminoso para varias localizacións diferentes, pero no proxecto decorativo incluírá explicitamente para cada rúa obxecto do contrato a ficha técnica dos elementos que oferte. Esta ficha técnica incluírá entre outras as dimensións e forma exteriores do elemento, foto, debuxo ou figura que o represente, as cores de cada parte, o peso e a potencia eléctrica..

O proxecto tamén deberá incluír as medidas dos elementos decorativos, superficie e potencia instalada en cada unha das rúas ou espazo recollidos nos **Anexos I, II e III**, así como os cálculos da potencia instalada por unidade de superficie (W/ m²). Este valor deberá ser igual ou menor ás potencias especificadas na táboa do apartado 4.5.1-Valores máximos da potencia instalada en iluminación festiva e de Nadal (ITC-EA-02 do Regulamento de eficiencia enerxética).

Así mesmo, nesta memoria os licitadores deberán presentar a **DECLARACIÓN RESPONSABLE** de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa, ao obxecto de verificar que se pode cumprir con garantía suficiente a provisión dos arcos, motivos, arborado e conxuntos de elementos ofertados.

A puntuación máxima deste apartado será de **DEZANOVE (19) PUNTOS. De non presentarse a declaración responsable ou compromiso citado no apartado anterior outorgaranse 0 puntos.**

B.- Proposta dos procesos operativos da instalación e desmorte:

Aos efectos de valorar a capacidade de organización dos traballos e o coñecemento dos condicionantes particulares destes, o licitador deberá presentar unha memoria descritiva e gráfica das operacións propostas para as instalacións dos elementos indicados, identificando os condicionantes para o desenvolvemento da instalación, os medios adscritos e un cronograma da execución, coherente, completo e pormenorizado da organización dos traballos e actividades necesarias para a instalación e desmorte dos elementos de iluminación ornamental nos emprazamentos definidos nos **anexos I, II e III** do PPTP.

Na memoria técnica do proxecto se xustificarán os sistemas de ancoraxe dos elementos de iluminación a instalar co obxecto de garantir a seguridade destes e dos soportes. Indicaranse tamén os elementos que se van utilizar para a suxeición no seu contacto directo coas columnas de alumeadado público e outro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 8 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

mobiliario municipal, que deberán ser de materiais flexibles e nunca metálicos ou de calquera outro material que puidese danar os soportes.

Descríbese así mesmo a forma da instalación para que non diminúan os niveis de iluminación, que non debe exceder da aliñación do bordo da beirarrúa a unha altura inferior ao gálibo permitido, nin impedir ou dificultar o acceso aos equipos e/ou ás instalacións do persoal de mantemento da iluminación pública, rede semaforica e demais servizos municipais.

A puntuación máxima deste apartado será de **CATORCE (14) PUNTOS**.

C.- Proposta dos procesos de mantemento: O licitador deberá presentar unha memoria descritiva e gráfica, do plan de mantemento que propoña, o cal deberá corresponderse cun plan específico para as instalacións obxecto deste contrato e deberá desenvolver as actuacións de mantemento preventivo e correctivo, con definición de fichas de traballo, periodicidades e criterios de seguimento e avaliación descritos no PPTP. A puntuación máxima deste apartado será de **CINCO (5) PUNTOS**.

A **puntuación** dos criterios avaliados mediante xuízo de valor se outorgará de acordo as seguintes **regras:** asignarase a máxima puntuación de cada apartado á oferta con maior grao de detalle e coherencia, que demostre o bo coñecemento da prestación a realizar e dos problemas a resolver, garantindo a viabilidade da oferta presentada, para cada un dos aspectos definidos no PPTP particulares, puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

- UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN

Fixase un umbral mínimo do 50 por cento da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos para continuar no proceso selectivo, consonte ao previsto no artigo 146.3 da LCSP. Os licitadores que non o acaden serán excluídos da licitación.

6.2.- Criterios avaliados a través de fórmula

6.2.1.- Xustificación dos criterios avaliados a través de fórmula:

Para o proceso de avaliación mediante fórmula, óptase pola identificación dos seguintes criterios que de forma global representan aspectos relevantes e identificadores de calquera das propostas presentadas e que teñen unha incidencia directa sobre o custe dos servizos a realizar.

Os criterios avaliados mediante fórmula terán unha puntuación máxima de **SESENTA E DOUS (62) PUNTOS** que serán distribuídos da seguinte maneira:

A.- MELLORAS OFERTADAS: O licitador deberá identificar o compromiso de execución das melloras propostas na presente memoria. Ditas melloras deberán ser executadas de acordo coa definición técnica determinada no anexo correspondente. O valor da suma das melloras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 9 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

ofertadas polos licitadores valorarase ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS**. O licitador na súa oferta deberá achegar a **DECLARACIÓN RESPONSABLE** de ser empresa fabricante ou, no caso contrario, compromiso con empresa fabricante, indicando o nome da referida empresa, ao obxecto de verificar que se pode subministrar con garantía suficiente as melloras ofertadas. En caso contrario, a puntuación da mellora ofertada e non acreditada será de **CERO (0)** puntos.

B.- PREZO OFERTADO PARA O CONTRATO: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **DOCE (12) PUNTOS** aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros sen IVE).

6.2.2.- Desglose dos criterios anteriores:

A.-VALORACIÓN DAS MELLORAS OFERTADAS: As melloras ofertadas polos licitadores valorarase ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS** aplicándose esta puntuación en relación aos seguintes criterios:

1.- Incremento do número de **arcos modelo ARC-04 ata un máximo de 100 unidades** valorados economicamente no anexo I da memoria económica, será **avaliados con 0,10 puntos por unidade** de arco ofertado ata un máximo **DEZ (10) PUNTOS**. Os técnicos municipais distribuirán as unidades en función das necesidades das rúas, prazas e espazos públicos a iluminar

2.- O incremento no número de **motivos modelo MOT-02 ata un máximo de 125 unidades**, valorados economicamente no anexo I da memoria económica, **avaliados con 0,08 puntos por unidade** ofertada ata un máximo de **DEZ (10) PUNTOS**. Os técnicos municipais distribuirán a unidades en función das necesidades das rúas, prazas e espazos públicos a iluminar.

3.- O incremento na iluminación en **árbores modelo ARB-03** existentes distribuídos en distintos puntos da cidade, valorados economicamente no anexo II da memoria económica, **ata un máximo de 100 unidades**, avaliados **con 0,1 puntos por unidade** ata un máximo de **DEZ (10) PUNTOS**. Iluminaranse con proxectores ou guirnaldas con lámpadas de tecnoloxía led cun volume adaptado ás dimensións de cada árbore e/ou elemento a definir polos técnicos municipais. As árbores terán unha altura de entre **3 e 15 metros**.

4.- A aportación de un elemento 3D, de unha altura mínima de 8m e un volume mínimo ou superior aos 128 m³, valorarase con **DEZ (10) PUNTOS**, sendo o valor económico deste de 11.170 €/ud.; importe obtido tomando como referencia os elementos figurativos 3D de medidas mínimas 2,20 m. de altura e volumen 11 m³ a instalar na rúa Policarpo Sanz según consta no Anexo III da Memoria Económica do presente contrato e dos lotes 2 e 3 do expediente 8586/106. Iluminado con mais de 4.500 puntos de luz led, píxel led RGB e flash e a animación con secuencias de cor durante períodos de tempo programado a elección do Concello. Estrutura autoportante metálica con capacidade resistente para manter a estabilidade e seguridade estrutural del conxunto en el exterior., e aparafuxada sobre as placas de ancoraxe e cimentación.

5.- A aportación de Arcos Eficientes *ata un máximo de 83 unidades de arco, similares en medidas ao ARC-04 será valorada con ata un máximo de DEZ (10) PUNTOS e cunha valoración económica de 318 €/ud de arco eficiente, en función do número de unidades de arcos eficientes aportados para*

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 10 de 10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 10 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

obter os 10 puntos que corresponderían a cantidade de arcos tradicionais (Arc-04) aportados para obter os mesmos 10 puntos.

Os Arcos Eficientes a aportar, con respecto dos arcos tradicionais deben mellorar as seguintes características:

- redución de potencia para o mesmo número de lámpadas Led instaladas no arco e por conseguinte do consumo eléctrico do arco.

- redución da dispersión do fluxo luminoso das lámpadas Led instaladas, coa conseguinte redución da contaminación lumínica.

Valorarase con **0,12 puntos por unidade** de arco ata un máximo de **DEZ (10) PUNTOS**, co seguinte reparto: *0,0603 puntos por unha diminución mínima do 50% da potencia con respecto do ARC-04 e 0,0603 puntos por unha diminución mínima do 50% da dispersión do fluxo luminoso con respecto do ARC-04.*

B.- PREZO OFERTADO PARA O CONTRATO: O prezo ofertado polos licitadores sobre o importe do contrato, valorarase ata un máximo de **DOCE (12) puntos**, aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación do contrato (sen IVE) o prezo ofertado polo licitador (en euros sen IVE) e expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación da parte fixa do contrato (IVE excluído).

CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Os criterios avaliados mediante fórmula, valorarase da seguinte forma:

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenarase por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminarase as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminarase as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 11 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106	TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
	SOLICITANTE: Comercio

- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

- b) **Para valorar baixas inferiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:
 Pmx: puntuación máxima do criterio
 Vof: valor ofertado de baixa
 Vrb: valor referencia das baixas

- c) **Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb** aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:
 Pmx: Puntuación máxima do criterio
 A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb
 B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

- a) **Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):**

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 12 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

3.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 13 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 9274/106 **TIPO EXPTE:** PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
SOLICITANTE: Comercio

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

Devanditas fórmulas, que se levan usando varios anos por esta Administración sendo admitidas por Intervención, son proporcionais e outorgan a maior puntuación á oferta que presenta mellor prezo ou maior incremento.

Resumo:

Criterios de adxudicación		Puntuación
Criterios avaliados mediante xuízo de valor		38
Proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas e prazas	Deseño decorativo de elementos	19
	Procesos operativos da instalación e desmonte	14
	Procesos de mantemento	5
Criterios avaliados mediante fórmula		62
Melloras	Incremento do número de arcos modelo ARC-04	10
	Incremento do número de motivos mod. MOT-02	10
	Incremento árbores modelo ARB-03	10
	Aportación Elemento 3D	10
	Aportación Arcos eficientes	10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 14 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106 TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
 SOLICITANTE: Comercio

Criterios de adxudicación	Puntuación
Redución do prezo	12
Total	100

7.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración que sexa o prezo**, se aplicarán os parámetros obxectivos que se prevexan regulamentariamente.
- Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación**, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de **dez puntos porcentuais** do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

8.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal "será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte", establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

- A inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 15 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

**CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS**

**CONCELLO
 DE VIGO**



EXPEDIENTE: 9274/106 **TIPO EXPTE:** PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:
SOLICITANTE: Comercio

acceder ao emprego.

2. A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.
3. O respecto do contratista aos dereitos laborais básicos ao longo de toda a cadea de produción, cando para a execución do contrato se utilizasen produtos susceptibles de ser fabricados en países en vías de desenvolvemento.

As tres condicións especiais de execución veñen recollidas no artigo 202.2 da LCSP e esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta "contratación estratéxica", plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos.

9.- INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ART. 130 LCSP

Non procede subrogación.

10.- PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características do tipo de contrato no que a finalización da prestación se produce co desmonte dos elementos decorativos e a entrega do proxecto, non procede establecer prazo de garantía.

11.- GARANTÍAS

Procede constituir garantía definitiva polo 5% do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

12.- SUBCONTRATACIÓN

1.- O contratista poderá subcontratar a execución do contrato, a excepción do 10% das tarefas de mantemento que deberán ser realizadas polo persoal propio da empresa, por considerar estas como tarefas críticas polo seguinte motivo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 16 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

**CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS**

**CONCELLO
 DE VIGO**



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

A elevada formación técnica e coñecementos na materia que teñen que ter os operarios da empresa adjudicataria para poder levar a cabo as reparacións dos elementos lumínico-decorativos fundamentados nunha tecnoloxía punteira como é a tecnoloxía Led, programada mediante controlador DMX.

2.- A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP, se produza unha falta de acreditación da aptitude do contratista ou das situacións determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, imporase ao contratista algunha das seguintes consecuencias:

- Unha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao previsto no artigo 194.2 da LCSP.
- A resolución do contrato, sempre e cando incumprise a obriga principal do contrato.

13. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Está prevista a modificación do importe do contrato ata un máximo do 20%. Os aspectos a modificar serán os seguintes:

- a) Incremento de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos si se producen as circunstancias previstas nos números 1 a 5 do apartado seguinte.
- b) Substitución ou modificación de arcos ou motivos, ornamentación nas árbores ou conxunto de elementos, si se producen as circunstancias previstas no número 6 do apartado seguinte.

As circunstancias que determinan a modifican serán as seguintes:

1. Dinamización comercial ou necesidade de potenciar o desenvolvemento urbano, social e económico da cidade con iluminación navideña en novas zonas da cidade non incluídas no presente contrato.
2. Humanización de novas rúas e/ou zonas en zonas comerciais.
3. Transformación da rúa e/ou zona en peonil.
4. Novos edificios institucionais ou novos elementos significativos escultóricos e arquitectónicos ou os seus accesos.
5. Realización dalgún acto ou evento extraordinario ou programación de actividades relacionadas co nadal, non programados con anterioridade a formalización do contrato, durante o período do nadal.
6. Implantación de novas tecnoloxías, sempre e cando estas circunstancias se produzan con posterioridade a formalización deste contrato, que melloren a tecnoloxía existente en algún dos seguintes conceptos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 17 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTritos E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

- Eficiencia enerxética. Coa correspondente redución de consumo eléctrico e por conseguinte a redución dos gases de efecto invernadoiro.
- Mellora nos procesos de fabricación dos elementos decorativos. O que conleva a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Redución da contaminación lumínica. Coa conseguinte mellora da calidade de vida nocturna dos cidadáns e da seguridade no tráfico rodado.

Estas circunstancias, para que motiven a modificación do contrato, deberán ser obxectivas e constatables, e producirse con posterioridade á formalización deste contrato, debendo acreditarse no correspondente expediente de modificación.

Para o cálculo da modificación utilizaranse os prezos unitarios recollidos no anexo VI a este prego, aos que se aplicará a baixa ofertada polo adxudicatario

14.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o xefe do Servizo de Comercio, asistido técnicamente por unha empresa externa a que lle corresponderá supervisar a súa execución e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

15.- SEGURO

Conforme a consulta realizada ao mediador de seguros do Concello de Vigo, procede a constitución dun seguro de responsabilidade civil por parte do contratista para facer fronte aos danos persoais, materiais e prexuízos patrimoniais puros producidos a terceiros durante todo o período de iluminación do Nadal, incluídas as fases de montaxe e desmonte, así como na fase de funcionamento dos elementos instalados conforme a este contrato que deberá cumprir cos seguintes requisitos:

1.- Seguro de responsabilidade civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de responsabilidade civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 2.000.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais e perxucios consecuenciais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas de responsabilidade civil serán:

- ↯0 RCivil Explotación – incluíndo a garantía da RCivil Subsidiaria no caso de que se subcontrate algún tipo de traballo ou xestión relacionada co obxecto do contrato.
- ↯1 RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 600.000 €
- ↯2 RC Post-traballo/Servicios
- ↯3 R Civil por Agrupacións de Traballo (U.T.E.) (sé é o caso)
- ↯4 Defensa xurídica e Fianzas.
- ↯5 Neste caso o Concello de Vigo, debe figurar como asegurado adicional sen perder a súa

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 18 de 18



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 18 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAISCONCELLO
DE VIGO

EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

condición de terceiro.

2. Seguro de responsabilidade civil obligatorio e voluntario de vehículos empregados na realización dos traballos, así como calquer outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o periodo de duración do contrato.

A póliza reseñada no punto 1 deberá prestar cobertura polos danos ocorridos e reclamados durante todo o período de execución do contrato e ata o remate dos mesmos e polos danos acontecidos durante éste periodo de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia das pólizas suscritas e firmadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén do correspondente recibo liquidado.

En caso de sinistro, calquera diferenza que surda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada polo adxudicatario.

O adxudicatario se obriga a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantizados nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo término o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

Os xustificantes de suscripción das pólizas de seguros só se esixirá o licitador cuxa oferta sexa determinada como a mellor relación calidade-prezo e deberá ser presentado, en todo caso, antes do inicio de execución do contrato do contrato.

16.- LUGAR DE ENTREGA

Rúas, prazas e espazos singulares, indicados no PPTP, do termo municipal de Vigo.

17.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

Será o 1 de xullo do 2023 ou en todo caso a data da sinatura do contrato, e rematará o 31 de xuño do 2027.

18.- PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, anéxase a este expediente e atópase redactado en base ás peculiaridades técnicas da execución do obxecto do presente contrato, incluíndo como anexos a información complementaria coa descrición xeral das rúas e espazos públicos vinculados ao obxecto deste contrato, así como os requisitos técnicos para os elementos decorativos lumínicos a instalar.

Concello de Vigo-servizo de Comercio 36202-Vigo-Tlf.986.810.153; 986616366 -E-mail:jose.hermida@vigo.org páxina 19 de 19



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/08/2023 09:57

Páxina 19 de 23

9274-106

CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTritos E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

19.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL.

Non existe cesión de datos nin dereitos de propiedade intelectual a terceiros.

20.- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

20.1.- Obrigas do adxudicatario

1. Presentar no Rexistro Xeral do Concello un Plan de Seguridade e Saúde con carácter previo o inicio do período de montaxe. Será elaborado de acordo co disposto na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento. O órgano de contratación deberá aprobalo no prazo dos cinco días seguintes a súa presentación, previo informe favorable do responsable do contrato.
2. Presentar no Rexistro Xeral do Concello, antes do remate do período de probas, copia de toda a documentación asociada á legalización das instalacións e un documento resumo que incluíra unha reportaxe fotográfica coas características dos elementos instalados e un vídeo de todas as actuacións executadas. Os custes correrán por conta do adxudicatario.
3. Establecer un servizo de garda coas brigadas que se indican na Cláusula 3 do PPTP (Mantemento das instalacións. Plan de mantemento), de mantemento dispoñibles as 24 horas, 7 días semanais, durante todo o período de funcionamento do alumado navideño na cidade, incluídos os festivos, e en especial as noites dos días 24 e 31 de decembro e a tarde do día 5 de xaneiro.
4. Atender calquera incidencia que se produza na prestación do servizo, tanto por climatoloxía adversa, actos vandálicos ou outros, nun prazo máximo de 20 minutos dende o aviso e reponer os elementos danados nun tempo máximo de 1 hora.

Para o cumprimento deste requisito o local de almacenaxe dos materiais e dos equipos de traballo deberá localizarse dentro do termo municipal de Vigo, salvo a imposibilidade desta opción xustificada e coa conformidade previa do Servizo Xestor. En calquera caso, a distancia máxima será tal que posibilite o desprazamento nun tempo máximo de 20 minutos, a calquera das rúas ou zonas das instalacións obxecto deste contrato.

Esta obriga da ubicación do local-almacén dentro do termo municipal deriva da alta saturación do tráfico existente nesas datas nos principais accesos a cidade o cal impide que o tempo de resposta sexa o esixido conforme as necesidades de intervención nas tarefas de mantemento e seguridade das instalacións.



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTritos E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

5. Nomear aos seguintes Coordinadores:

- Un **coordinador técnico**, habilitado coa debida titulación o cal será o interlocutor válido ante o servizo municipal xestor do contrato durante o proceso de instalación, posta en servizo das instalacións e na fase de desmonte.

Este técnico, será o responsable do deseño e instalación de todas as redes de distribución de enerxía eléctrica, os cadros eléctricos e as súas acometidas, os elementos mecánicos de sustentación como apoios, crucetas, ventos, tirantes, alargadeiras, etc. Así mesmo, deberá ter en conta neste proceso cantas medidas de seguridade sexan precisas, en especial sobrecargas de uso admisibles dos espazos públicos e coeficientes de seguridade, para que todos os elementos queden correctamente ancorados sen que supoñan ningún risco para as persoas ou bens. Previa posta en servizo das instalacións, deberá emitir un informe favorable de conformidade das mesmas.

- Un **coordinador comercial**. Será o interlocutor das propostas de deseño, implantación e seguimento do proxecto técnico ante o concello de Vigo, actuando como interlocutor co servizo xestor do contrato ante calquera posible variación do proxecto aprobado.

- Un **coordinador de mantemento**. Será o responsable do correcto funcionamento das instalacións de ornamentación do Nadal obxecto do presente contrato, participando de maneira activa nas tarefas de mantemento, garantindo así, que estas funcionan de maneira continuada e sin fallos e que no caso dalgunha avaría as brigadas de intervención actúan de acordo aos tempos establecidos no presente prego técnico.

20.2.-Outros supostos de incumprimentos contractuais e/ou penalidades

Os incumprimentos contractuais cometidos durante a execución do contrato tipificaranse como leves, graves e moi graves, conlevando as seguintes penalidades:

1.- Entre outras, consideraranse como incumprimentos contractuais leves cunha sanción de **1.000€** as seguintes:

- a. Tardar máis tempo en atender unha avaría, detectada por calquera medio, que o requerido no prego, pero reparala no tempo establecido no prego.
- b. Ter o stock de seguridade por debaixo do 100% do requerido no contrato pero por encima ou igual do 90%, durante tres xornadas consecutivas.
- c. Non dispor dos elementos suficientes para atender ao requerido polo Concello dunha figura concreta das ofertadas no proxecto decorativo do licitador durante o período de montaxe.
- d. Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo cun índice de lucimento inferior ao requirido no prego pero igual ou superior ao 50% durante dúas noites consecutivas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 21 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMERCIO

CONCELLERÍA
 DE
 PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
 FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
 DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

- e. Non detectar, e polo tanto non recolocar, un elemento decorativo desorientado da súa posición orixinal durante dúas noites consecutivas.
- f. Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante unha xornada de traballo.
- g. A non reposición de algún dos elementos retirados e non repostos. A sanción será imposta por elemento e día de ausencia dende a data da súa retirada.

2.- Entre outras, consideraranse como incumprimentos contractuais graves cunha penalidade de **5.000€** as seguintes:

- a. O tardar máis tempo en reparar unha avaría detectada que o establecido no prego pero reparala na mesma noite.
- b. Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo cun índice de lucimento inferior ao 50% durante unha noite.
- c. A acumulación de dúas faltas leves nuha noite.
- d. Ter o stock de seguridade por debaixo do 90% do requirido no contrato pero por encima ou igual do 60% durante tres xornadas consecutivas.
- e. O non dispor dos elementos suficientes para atender ao requirido polo Concello de cinco figuras concretas das ofertadas no proxecto decorativo no período de montaxe.
- f. Non detectar, e polo tanto non reparar, un elemento decorativo descolgado da súa posición orixinal.
- g. Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante tres xornadas de traballo non consecutivas.
- h. Non acatar as ordes de substitución de elementos ou materiais que non cumpran as condición pactadas no contrato.

3.- Entre outras, consideraranse como incumprimentos contractuais moi graves cunha penalidade de **10.000€** as seguintes:

- a. Tardar máis dunha noite en reparar unha avaría de xeito que un elemento quede apagado dúas noites consecutivas.
- b. Cada dúas noites dun elemento apagado supoñen unha falta moi grave e acumulativa.
- c. A acumulación de dúas faltas graves na mesma noite.
- d. Ter o stock de seguridade por debaixo do 60% do requirido no contrato durante tres xornadas consecutivas.
- e. Non dispor dos elementos suficientes para atender ao requirido polo Concello de quince figuras concretas das ofertadas no proxecto decorativo no período de montaxe.
- f. Que un elemento decorativo cause danos a terceiros por descolgamento ou caída non imputable a causas de forza maior.
- g. Non permitir a inspección do stock de seguridade polos técnicos municipais durante cinco



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E
FESTAS ESPECIAIS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 9274/106

TIPO EXPTE: PROC.ABERTO MIXTO:SERV-SUBMIN:

SOLICITANTE: Comercio

xornadas de traballo non consecutivas.

- h. Non atender no prazo de 30 días as reclamacións de danos que lle traslade o Concello ao adxudicatario.

Ademais do anterior considerarase incumprimento contractual moi grave pero cunha penalidade especial de 10.000€/día, o non ter concluídas todas as instalacións obxecto deste prego ao final do período de montaxe, legalizadas e dispostas para facer as probas na data fixada na Cláusula 11, no apartado de período de acendido. Cada día de demora será valorado de xeito independente.

CAUSA ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Será causa específica de resolución do contrato a non conclusión de todas as instalacións obxecto do contrato ao inicio do período de acendido, perdendo o contratista os dereitos sobre as instalacións realizadas ata ese momento, sendo competencia do Concello a xestión das instalacións durante o período de acendido ata o final do Acto de Apagado.

En consecuencia cos antecedentes descritos, propónse a, remisión da presente memoria xustificativa para a contratación dos servizos e a subministración en réxime de aluguer, e a redacción do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo a data da sinatura dixital,

O enxeñeiro municipal
Álvaro Crespo Casal

O xefe do servizo de Comercio.
Instrutor dos expedientes de Festas Especiais.
José Angel Hermida Fernández

CONFORME

O concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais
Asdo. Ángel Rivas González



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/08/2023 09:57	Páxina 23 de 23
9274-106	CSV: A1A12B-DEADDC-37284C-5636ZL-4LBXBA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		